

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

NEO RRETRANCA E POS MORRIÑA

de **Esther F. Carrodegua**s e **Roi Vidal Ponte**,
dirixida por **Gena Baamonde**

caderno pedagóxico



XUNTA DE GALICIA

CADERNO PEDAGÓXICO

~~NEORRETRANCA~~ ~~E POSMORRIÑA~~

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
Santiago de Compostela, 2019



Caderno pedagógico. Neorretranca e posmorriña

EDITA: Agadic. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. 2019

REALIZA: Tamara Andrés (Gáliz)

DESEÑA: Trisquelia

Índice de contidos

Nota introdutoria: As orixes, a identidade	11
Gena Baamonde_A directora	13
Esther F. Carrodegua_Dramaturga	15
Faladoiro con Esther F. Carrodegua	15
<i>Fantasia n.º 5 en sol ou non_A peza teatral</i>	18
Roi Vidal Ponte_Dramaturgo	25
Faladoiro con Roi Vidal	25
<i>Boisaca ou a divina desgraza_A peza teatral</i>	29
Unha chisca de historia teatral: Rosalía representada	35
1984_Agasallo de sombras_A polémica	35
2018_Boisaca ou a divina desgraza	36
Unha chisca de historia da literatura: Vila Diodati e Frankenstein	39
Neorretranca e posmorriña_Escenografía, vestiario, caracterización	41
A escenografía	42
O vestiario	43
A caracterización	44
Elenco (por orde alfabética)	48
Equipo artístico.	49
Realizacións	49
Centro Dramático Galego	49
Equipo técnico	49





Ilustración de Blanca Millán
inspirada nos gravados de
Castelao e na estética de Banksy



«Dada a temática común, o interesante para o público era ver dous xeitos distintos de entender a dramaturxia»

GENA BAAMONDE, directora

«Nas dúas propostas hai algo bastante acedo, bastante crítico, sobre que é iso de Galicia, que é a identidade nacional»


ARETA BOLADO, actriz

«A idea é dar forma a eses textos a través do corpo»

MARÍA CABEZA DE VACA, coreógrafa

«O corpo é o verbo, entón o texto está no corpo para min»

ANDREA QUINTANA, actriz





Antes de entrar ao teatro:

Sabes que se agocha detrás das siglas CDG?

1. Que cres que é iso de «neorretranca» e «posmorriña»? Se descoñeces o significado exacto de «retranca» e «morriña», podes procurar o seu significado nun dicionario.
2. Bótalle unha ollada ao cartel da produción teatral. Ves algunha relación entre a imaxe e a resposta á pregunta anterior?
3. Aventúrate: cal cres que será o relato das obras que estás a piques de ver?





Nota introdutoria: As orixes, a identidade

Vivimos no tempo de visualizar, por exemplo, campañas publicitarias destinadas a exaltar o sentimento de ser galegos (Gadis), de seguir series (*Fariña*) e webseries (*Antes de perder*) con sonoridade galega que se emiten a nivel estatal e mesmo de atopar os zocos de Eferro, tan enraizados en nós, en pasarelas de moda internacionais. Está claro que en pleno 2019 Galicia se atopa mergullada nunha modernización da identidade galega, ao tempo que afondamos nunha reflexión e nunha revisión conxuntas.

Sobre o que imos falar de aquí en diante vén sumarse a esa lista de produtos culturais que nos convidan a cavilar arredor do tema identitario. A produción *Neorretranca e posmorríña* parte de dous textos teatrais: *Fantasía n.º 5 en sol ou non*, da autoría de Esther F. Carrodegua, por unha banda, e *Boisaca ou a divina desgraza*, de Roi Vidal Ponte, pola outra, ambos froito do grupo de escrita teatral organizado polo Centro Dramático Galego na temporada 2017-18 dentro do seu programa de apoio á dramaturxia galega contemporánea DramatUrxente, e coordinado polo escritor Manuel Lourenzo, co obxectivo fomentar, apoiar e promocionar a autoría teatral galega contemporánea. Os seus integrantes, Lois Blanco, Ana Carreira, Esther F. Carrodegua, Santiago Cortegoso, Eva Ferreira, Ernesto Is, Zé Paredes, Ave-Lina Pérez, Marta Pérez, Rosa Puga Davila, Gloria Rico e Roi Vidal reuníronse de xeito periódico desde febreiro ata xullo de 2018 co fin de reflexionar sobre a identidade galega e, en última instancia, escribir unha peza teatral a partir desta temática.

Antes que nada, preséntome: chámome Tamara Andrés e o meu cometido aquí é guiar a persoa que lea polas claves das pezas teatrais que o Centro Dramático Galego integra na súa programación no ano 2019 como produción propia. Para iso, falareivos un pouquechiño da súa directora, Gena Baamonde; tamén de Esther F. Carrodegua e Roi Vidal, autores dos textos teatrais. Debullaremos a construción das dúas pezas teatrais e tamén atoparedes ao longo das páxinas algunhas actividades co fin de comprender mellor o que acontece sobre o escenario, comunicar a vosa opinión e abrir un espazo de reflexión e de debate que resulte nutritivo para todos.

© Laura Villaverde caracterizada como Isaac Díaz Pardo

4. Visualiza o seguinte anuncio da marca de supermercados Gadis:

<https://www.youtube.com/watch?v=d9TSQr5n9Qo>. Que realidades históricas, culturais e lingüísticas arredor de Galicia se inclúen nel? Que mensaxe ten por obxectivo transmitirnos a peza publicitaria?

5. Bótalle unha ollada á canle de YouTube do aquel-e: <https://www.youtube.com/channel/UCYxdWMt2oUtFm3mYSQNrWyg>. Procura un vídeo no que reflexione sobre un aspecto vencellado á cultura galega, resume o seu contido e aporta a túa opinión ao respecto.





Gena Baamonde_A directora

Gena formouse a nivel universitario en Arte Dramática e posteriormente fixo un mestrado en Artes Escénicas. Desenvolve a tese *Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea* na Universidade de Vigo e forma parte do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro*. En 1989 entra a formar parte da compañía Matarile Teatro, do equipo do Teatro Galán e do festival internacional de danza En Pé de Pedra. Fundou a compañía María a Parva no 1999. Traballa como actriz para diversas compañías e realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque Danza, A Artística e Voadora. No 2017 dirixe *Elisa e Marcela* para A Panadaría, traballo co que acadou o Premio María Casares á Mellor Dirección. Nos últimos anos dirixiu espectáculos como *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos* para Matrioshka Teatro e *Nómades* para Xarope Tulú.

Gena Baamonde é quen leva a batuta en todo isto, por iso vai aquí, ao principio de todo. Conversando con ela, confésanos que escolleu *Fantasia n.º 5 en sol ou non*, de Esther F. Carrodegua, porque quería unha partitura contemporánea, xa que se trata dun texto que permite abrir todas as posibilidades desde a dirección.


Por outra banda, define *Boisaca ou a divina desgraza* como un percorrido polo paraíso e polos avernos a través dunha historia persoal na que atopamos distintos persoeiros da cultura galega. É, quizais, o mesmo que fai Esther na súa obra, mais ela preséntanos ese percorrido baixo a forma dun catálogo literario. Gena relátanos: «Hai dúas vías para facer teatro: por unha banda está a literatura dramática, o texto, e por outra, a posta en escena. Hai moitas obras de teatro que non están publicadas e non adoitan entrar no que se considera dramaturxia. O meu é un traballo a pé de escena, de ensaios, de creación».

🗣️ Gena Baamonde, directora

6. Como definirías unha directora de teatro? Cales son as tarefas que ten que asumir?

⋮





Esther F. Carrodegua_Dramaturga

Esther licenciouse en Xornalismo e formouse como técnica superior en imaxe, actriz, directora e dramaturga. Fundou a Compañía Teatro da Falúa e é directora da compañía ButacaZero. Dirixe o Cadro Artístico Airiños ao tempo que organiza certames poético-escénicos. Da súa autoría son *Voaxa e Carmín* (Difusora de Artes, Letras e Ideas, 2016), merecedora do Premio Abrente de Textos Teatrais 2015; *Na butaca* (Galaxia, 2017), e *#camiños*, coprodución do Centro Dramático Galego que tamén é unha reflexión arredor da identidade galega. Colabora de xeito habitual coa *Revista Galega de Teatro*.

© Esther F. Carrodegua, dramaturga

Faladoiro con Esther F. Carrodegua

Que reflexión nos ofrece a túa obra sobre a identidade galega?

É unha obra que propón unha colocación do espectador nun sitio central onde todas as opcións están presentes, e este pode elixir se decantarse ou reflexionar desde esa posición (ou non); velaí a razón do título: fantasía (ou non). Esta fantasía é a quinta porque xa houbo catro anteriores. Na primeira xa expliquei o concepto de «fantasía teatral», que vén do concepto «fantasía musical» adaptada ao teatro: textos libres que permiten a improvisación, que se basean en determinados conceptos creativos como a repetición; son textos moito máis libres, que permiten a liberdade da vida. Este texto está conformado por un montón de cadros que pretenden amosar unha realidade complexa da que non é tan sinxelo tirar conclusións. Intenta amosar as dúas caras e facer ver que somos moitos, que temos moitas opinións diferentes, que non é tan sinxelo. A varredora é a figura central da peza, quen consegue limar os desperfectos e manter a esencia desde a súa humildade e un amor incondicional. A identidade galega, ou calquera identidade, sobrevive a través do amor.

Por que un catálogo de obras literarias? Como se relacionan título e contido de cada apartado?

Os títulos serven para organizar a estrutura do texto. Todos os libros que aparecen nese catálogo son lecturas que fixen ao ter que enfrontarme a unha escrita sobre a identidade galega ou que xa realizara previamente e que contribuíron a conformar a miña idea de Galicia e da vida. Acabaron por estar presentes tamén nesta peza. Parecíame bonito que os libros que para min conforman Galicia, xunto aos seus autores e autoras, lle aportasen a cada cadro, ben escollidos e ben relacionados, un carácter determinado que me parecía marabilloso.



🌀 *Fantasia n.º 5 en sol ou non*

A obra estrutúrase coma se fose un libro de poemas. Hai algunha razón? Cal é, na túa opinión, o espazo para o poético sobre a escena?

Non adoito entender demasiado a diferenza entre os xéneros na miña escrita máis persoal. Para min non hai unha maneira de escribir teatro, unha maneira de escribir poesía e unha maneira de escribir narrativa, senón que simplemente me considero escritora. Considereime sempre unha escritora poética en tanto que escribo cousas con certo carácter poético, chegado do ritmo. Teño paixón pola oralidade, por como soan as cousas, por que ritmo teñen: isto é o que confirma a miña maneira propia de escribir. Isto é teatro porque ten moita compoñente teatral (está feita pensada desde o teatro), pero a forma é a dun libro de poemas. Ademais, Galicia tamén é poesía, por iso me parecía natural que acabase sendo así tamén no meu texto.

O espazo para o poético sobre a escena ten que ser total, non só desde o texto, senón desde todas os recursos escénicos (luz, vestuario, escenografía, audiovisual, música). Non debería haber un teatro que non conteña o poético. A poesía, que é iso que está alén do moi concreto, do moi real, debería estar contido en todas as propostas artísticas. Penso que ese é o mellor teatro.

Se tiveses que escoller un único elemento para representar a identidade galega, cal sería e por que?

O pano tradicional da cabeza, porque nel están contidas moitas das cousas: o caos (Galicia é tantas cousas...) neses debuxos tan floridos, un pouco caóticos

pero á vez ordenados, as súas cores (o pano que eu escollo é o pano negro, ese negro da negra sombra con flores por riba coloridas). Nese baile das flores do pano está o ritmo, o baile, a vida, o xogo, a festa, o popular. Ademais, protéxenos do frío, da humidade e é un elemento feminino (Galicia sempre me pareceu moi feminina, moi matriarcal). Ao mesmo tempo, a industria téxtil é unha das nosas bases, xa que moitas das nosas nais e avoas foron costureiras e foi un dos primeiros traballos que emancipou a muller. Aquí sempre se fixo a roupa, se remendou, se aproveitou, se coseu. Esa muller que vai co pano a sacchar patacas é como a varredora: grazas ao seu traballo humilde e a ese amor desinteresado pola terra consegue que a identidade galega, a súa lingua e todos os demais elementos pervivan nas aldeas.

7. Repartide por grupos as obras do catálogo que nos propón Esther como índice da súa obra. Procurade a autoría e a data de publicación, a historia que trata e mais as temáticas que aborda. Presentade os resultados da vosa pescuda na aula. Cal vos chama máis a atención? Atopades elementos comúns entre elas?



CATÁLOGO DE OBRAS QUE COMPOÑEN O ÍNDICE DO TEXTO DE ESTHER

Sempre en Galiza



Cantigas de escarnio e maldicer



De catro a catro



Os eidos



Cantares gallegos



Vidas post-it



Catecismo do labrego



Tic-tac



Os Eoas



O porco de pé



Antígona, a forza do sangue



Made in Galiza



Livro do desasossego



Longa noite de pedra



A esmorga



A fiestra valdeira



Poesía última de amor e enfermidade



Escola de menciñeiros



*Fantasía n.º 5 en sol ou non*_A peza teatral

Como ben anotamos máis arriba, o texto de Esther F. Carrodegua preséntase baixo a estrutura dun poemario. Gena Baamonde escolleuna polas posibilidades



de creación que lle ofrecía, e así é como nos atopamos fronte a unha peza teatral que podemos definir como unha exploración poética, unha danza constante, tamén cíclica, chea de elementos que se dirixen a nós desde a reflexión máis irónica. Non nos atopamos ante unha narración lineal, senón ante unha peza que se pode enmarcar no teatro contemporáneo. No proceso de creación, a improvisación foi unha peza clave. Resumir todas as súas dimensións é complicado, mais debullaremos aquí o relato xeral.

En primeiro lugar aparece a vulva (lembrade as palabras de Esther: «Galicia sempre me pareceu moi feminina, moi matriarcal»). Recítase o poema titulado «Sempre en Galiza» mentres as actrices contemplan a vulva coma se estivesen nun museo, de costas ao patio de butacas, e unha delas danza entre os dous bancos, poñéndolle corpo a esa «danza da loita cotiá» que se menciona no texto. Aparece tamén nomeada neste punto a varredora, cuxo simbolismo nos desvelou Esther máis arriba.

☺ «Galicia sempre me pareceu moi feminina, moi matriarcal» (Esther F. Carrodegua)





🕒 Ensaiaando a *Fantasia n.º 5 en sol ou non*

Acto seguido, unha das actrices recita o texto «Made in Galiza», que podemos atopar máis abaixo, retando a asistencia a pensar nunha nova definición de Galicia, mentres as demais actrices interpretan co corpo ese reto, coma nun xogo, coma nun rap. Despois chega, en palabras da directora, «a representación da masa»: comezamos a escoitar cánticos berrados de forma conxunta (entre eles podemos distinguir «Aquí está, aquí se ve, o feminismo galego en pé») que devenen un son tribal. Logo, de novo, a danza da vida cotiá. Gena dinos: «dentro da masa tamén hai individualidades, persoas moi diferentes». Por iso hai movementos tan distintos. A danza detense para poñer sobre a escena, a través do poema «De catro a catro», a realidade de Zara e do grupo Inditex: usar e guindar semella ser o símbolo dos nosos tempos. Intégrase neste espazo un chiste sobre Lepe, que tamén remite á identidade. A carón da conversa, créase a través da danza unha montaña de roupa.

Máis tarde aparece a idea de que o ideal sería matar un porco en escena «xa que en si / a matanza dun porco / xa é un espectáculo / un espectáculo que conta moito sobre nós». Após conversar sobre a posibilidade de executar esa acción, conclúese que o importante é reflexionar sobre «cara a onde queremos que mire / o noso teatro / cara a onde queremos mirar a través do noso teatro». Lánzase a idea seguinte: en troques dunha matanza do porco, talvez sería máis amable facer filloas en directo.

É agora tempo de que o protagonista sexa o verso «Xa non hai tempo de apoiarse nas paredes», interpretado na forma dunha coreografía opresiva e galopante. Máis tarde aparece a seguinte pregunta: «Que é imprescindible para que un país exista?». Iníciase sobre o escenario un xogo de sedución que ten lugar a través da danza. Volve aparecer a continuación a danza a vida cotiá a través



dunha lista de persoas que transitan nela (por exemplo, «unha vendedora con verzas na cabeza»).

Por último, un fermoso xogo de memoria executado por voz e corpo é interrompido de súpeto pola violencia da realidade: as casas das avoas véndense e o único que importa son os números. Tanto teñen as lembranzas e as vivencias familiares. Ao final de todo, regresamos ao inicio: as actrices, coma nun museo, a contemplar a vulva.

🔗 Areta Bolado e Ánxela Blanco na *Fantasía*

8. Que é o teatro contemporáneo? Cales son as súas características?

9. Le os seguintes versos escollidos do poema «Made in Galiza» e atrevete a aceptar o reto. Serías quen de artellar unha definición?

tenta definir galiza mais alá dos tópicos
tenta definir galiza
sen dicir
mar
sen dicir
depende
tenta definir galiza sen dicir pandeiro-pandeirola-gaita-pano
sen dicir verde
sen dicir choiva
sen dicir lingua
sen dicir españa
sen dicir lonxe





sen dicir emigración
sen dicir apóstolo
sen dicir nacionalismo
sen dicir pp
sen dicir fraga
nin fraga nin Fraga
sen dicir lume
sen dicir fume
sen dicir rosalia
tenta non dicir morriña
ven aquí e explica esta terra sen dicir terra
sen dicir muller
sen dicir rías altas-baixas-medias
sen dicir grelo
sen dicir pobreza
sen dicir castelao
sen dicir sardiña
sen dicir auga
sen dicir eucalipto
sen dicir sacho
sen dicir dorna

10. Por que se menciona que talvez sexa mellor substituír a matanza dun porco en directo pola elaboración de filloas «que poden comer todas as actrices e actores ao final / mesmo o público / coma nunha feira gastronómica»?
11. Que animais aparecen ao longo da peza teatral? Que cres que representa cada un deles no imaxinario galego?
12. En determinando momento da peza soa a canción «Teknotraficante», do grupo Os Papaqueixos. De que fala a canción? Cal é a súa historia?
13. Fuches quen de identificar sobre a escena algunha das obras incluídas no índice do texto de Esther F. Carrodegua? Que che axudou a recoñecerlas?



Roi Vidal Ponte_Dramaturgo

Roi Vidal Ponte é titulado en Filoloxía e en Dirección de Escena. É membro do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro* e foi un dos cofundadores da Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGa. Comezou publicando pezas de teatro breve de inspiración surrealista como *Xulieta's Black Hole*, *Vampira* (Casa-hamlet, 2007 e 2010 respectivamente) ou *Historia dunha man* (Laiovento, 2009). En 2016 foi seleccionado para o Programa Dramaturgias Actuales, promovido polo Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, con *O asasinato de Zinaida Reich* e gañou o Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques con *Marcha fúnebre para un monicreque*, peza levada a escena por Os Monicreques de Kukas.

Gañou o XII Premio Abrente para Textos Teatrais no 2017 coa peza dramática *Poesía. Materiais para montar unha escena de cama* (Difusora). Ademais, é autor de *Fóra de portas*, unha biografía novelada do seu pai, Roberto Vidal Bolaño.

© Roi Vidal Ponte, dramaturgo

Faladoiro con Roi Vidal

Que reflexión che interesaba reflectir na túa obra sobre a identidade galega?

O que máis me interesaba era distanciarme do folclorismo e o esencialismo. Malia que un país son máis as súas persoas vivas que as ideas dos mortos, acabei transitando o mundo dos cemiterios, dos zombies, dos monstros, quizais porque iso sexa o que máis nos chega.

Decidín facer autoficción metadiscursiva porque quería escribir un texto que dalgunha forma fose debedor das propias circunstancias da escrita, un texto autoconsciente liberado da falsidade intrínseca á ficción que lle dese unha volta ao concepto de pacto ficcional.

Durante o obradoiro de escrita con Manuel Lourenzo estaba a afrontar o meu segundo ano consecutivo preparando as oposicións de Lingua Galega e Literatura para o ensino secundario. O tema da lingua e da nación e todas as reflexións identitarias pasaban ante min como unha sucesión cronolóxica de imaxes na que se xuntaban diferentes conceptos, esencia, tópicos. A lectura do libro de Murado *Outra idea de Galicia* foi finalmente a que me serviu de trampolín creativo.

Por que o roteiro polo alén é guiado por Mary Shelley, unha escritora estranxeira?

Un día entrei nunha papelería e alí estaba a revista *Dirigido Por*, que lle dedicaba un número especial a Mary Shelley polo centenario de *Frankenstein*. Vin que a autora nacera o mesmo día ca min e iso enlazou de maneira sorprendente coas

miñas anotacións para a obra do CDG. Vexo que a propia galeguidade dá como medo, asusta ou avergoña a propia sociedade galega e iso é o mito de Frankenstein: un ser creado artificialmente a partir de anacos de xente morta que asusta os seus veciños, tanto que mesmo o acaban matando ou polo menos intentándo. A iso aquí Marcial Gondar, na súa *Crítica da razón galega*, chámalle auto-odio. Mirámonos no espello e vemos un monstro. E se matamos ao monstro, suicidámonos.

Despois, todo encaixaba para que Mary fose unha personaxe axudante, unha guía no meu descenso ao inferno autóctono: tiña que ser ela pola coincidencia coa data de aniversario, pola reflexión sobre a creatividade, pola capacidade de imaxinar a posibilidade de crear vida a partir da morte.

Aparecen nesa «divina desgraza» Castelao e Rosalía. Atopamos tamén no alén figuras como Isaac Díaz Pardo, vencellado a Sargadelos, Valle Inclán, Obdulia Rodríguez e Ricardo Vidal, Aurelio Aguirre, Maruxa Fandiño Ricart... Sentenzas tamén como: «Para que sexas o meu Virxilio. O meu Añón». Por que eles e non outros? Cales foron os motivos para escoller eses persoeiros da identidade galega?

Aos Malvar-Vidal descubrínos durante o proceso de creación-investigación e unha vez coñecidos quíxenos meter na obra. Son as primeiras persoas nadas en Galicia que se atreveron a vivir do teatro e iso conéctaos de maneira directa e para min moi especial cos meus pais, que foron os pioneiros do teatro profesional galego nos anos 70. Tamén ían estar todos os do Panteón de Galegos Ilustres, mais tiveron que pulir e deixar a Castelao e a Rosalía porque son os máis emblemáticos. De todos xeitos, tamén figuran porque están enterrados en Boisaca. Eu sabía que a parella principal ía ter que ir a Boisaca. Busquei na Galipedia e seleccionei, entre os «persoeiros» enterrados alí, aqueles cos que eu teño unha relación intelectual-espiritual-vital máis próxima. E logo está Prisciliano ou o home sen cabeza, o gran morto que é asemade a gran ficción a partir de onde construíron a Catedral, a cidade de Santiago e en boa medida a nacionalidade histórica. Todos os lugares onde suceden as escenas son cemiterios ou algo semellante (Santo André de Teixido e mesmo o propio escenario do Salón Teatro, onde foi velado o corpo de meu pai antes de ser enterrado en Boisaca).

Por que se trata dunha «divina desgraza»? Canto hai de persoal no texto?

A etiqueta ou o subtítulo «divina desgraza» é unha chiscadela á literatura dramática de meu pai e á vez unha pista das miñas intencións e dos meus referentes na escrita deste texto. Lin a primeira parte da *Divina comedia* de Dante como complemento autoimposto aos meus estudos da literatura galega para as oposicións nas que finalmente non obtiven praza. Evidentemente, desde a miña formación como filólogo galego non podo desvincular a obra de Dante do *Divino sainete* de Curros Enríquez, así que por aí a relación entre Dante e a identidade galega para min está perfectamente xustificada.

O de «desgraza» é unha homenaxe a unha das etiquetas que, non sen un gran sentido do humor, utilizaba meu pai para definir o seu propio teatro. Argumentaba, con evidente retrans, que aquí non temos a altura nin económica nin moral para protagonizar traxedias, que segundo a definición de Aristóteles son sempre de temática grave e elevada e protagonizadas por personaxes nobres. A meu pai interesáballe o mundo dos perdedores, dos *losers*, os marxinalizados...

E por iso dicía que el non escribía traxedias, que o máis ao que podía chegar era a escribir desgrazas. O feito de eu poñelo no título é unha decisión consciente para reivindicar esa etiqueta como útil para definir a estética orixinal de Roberto Vidal Bolaño no mundo das letras a nivel internacional.

No texto hai un 75 % de realidade e un 25 % de ficción. Ou ao revés. Habería que medilo con algún termómetro que aínda non se inventou. A realidade biográfica está plasmada a través dun filtro onírico libertario. Cando soñamos non somos exactamente como na vida real, e ese poder creativo e subversivo dos soños é o que me interesaba experimentar. Baseeime na miña particular parafilia co surrealismo e as vangardas históricas en xeral.

Que nos podes contar sobre ese bebé que Roi «caga»?

É un exemplo desa mestura entre realidade, ficción e surrealismo. Está relacionado coa miña experiencia vital. Coa miña paternidade. Pero tamén coa creación. Co acto creativo como un acto de produción de existencias. A novela de Frankenstein fala sobre iso, sobre crear vida. Pero a propia historia sobre como foi concibida a novela tamén fala sobre a creación. Coa presenza deste bebé que aparece de repente e que nace polo cu deixo dar renda solta a certo terror inherente á condición de ser nai ou pai. Tamén o encadraría co gran tema do texto que ten que ver coa relación paterno-filial como unha relación vida-morte e como algo cambiante: comezamos sendo fillos dos nosos pais e acabamos sendo pais dos nosos fillos. É algo básico, elemental, que neste texto devén un tema central e se relaciona ademais coa creación de ficción como creación de vida artificial.

Se tiveses que escoller un único elemento para representar a identidade galega, cal sería e por que?

Nunca escollería un único elemento porque correría o risco de resultar reducionista. Creo que a mensaxe final da obra en relación á identidade é bastante amarga. Seguramente a mellor resposta a esa pregunta sexa a obra en si. Porque a obra nace a partir desa pregunta. Ou dunha semellante. Que é o que nos define? Que significa ser galegos? Cal é a nosa identidade nacional? Tampouco é un tema que me preocupe en exceso.

14. Que é Boisaca? Cal é a súa historia? Alén de Roberto Vidal Bolaño, que persoeiros da cultura galega podemos atopar alí?
15. Na seguinte ligazón atoparás o prefacio á edición galega do libro *Outra idea de Galicia*, de Miguel Anxo Murado: <https://www.megustaleer.com/libros/otra-idea-de-galicia/MES-047699/fragmento/>. Como xurdiu a idea do libro, de que trata e cal foi a súa recepción por parte do lectorado?





Boisaca ou a divina desgraza_A peza teatral

ESCENA 1

Baixo o formato de monólogo, o propio dramaturgo (Roi Vidal Ponte), corporeizado nunha actriz veterana, explícanos que está aquí para falarnos da identidade galega. Na súa opinión, a patria son os pais, Roberto e Laura. Roi aproveita para facer unha crítica á ausencia de traballo para as actrices maiores de sesenta anos e tamén para indicar que o seu pai, o famoso dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, foi despedido nese mesmo escenario. Aparece nomeada por vez primeira Rosalía de Castro.

© «I love you, Galicia!» (Anabell Gago en *Boisaca ou a divina desgraza*)



© Rosalía de Castro (Olga Cameselle)

ESCENA 2

A través dunha invocación realizada por Roi, entra en escena Mary Shelley, escritora británica e creadora do monstro de ficción Frankenstein. Mary Shelley é a segunda filla da escritora feminista Mary Wollstonecraft, que morreu pouco despois do parto. Roi pídelle que, tal e como fixo ela, o axude a matar a seu pai.

Ela contéstalle que como moito pode resucitalo, e iníciase neste punto a viaxe polo alén.

☉ Mary Shelley (Areta Bolado) e Roi Vidal Ponte (Mercedes Castro)



ESCENA 3

Roi e Mary Shelley, xa no alén, ou outro mundo, ou mundo dos mortos, atópanse con Isaac Díaz Pardo, artista, escritor e intelectual galeguista que dirixiu o Grupo Sargadelos. Ao final da escena, Roi sae voando grazas a unha pomba de Sargadelos mentres soa a famosa canción de Superman.

☉ Isaac Díaz Pardo (Laura Villaverde)



ESCENA 4

En Santo André de Teixido, unha parella ensaia para unha función de baile e canto tradicional. Trátase do grupo Malvar-Vidal, unha das primeiras compañías do teatro profesional galego. A muller insiste en que non acudirá ningún mentres que o home ten máis esperanza. Pasa por alí un lagarto

antropomorfizado. Entran Roi e Mary Shelley. O dueto actúa de balde para eles, non sen antes entregarlles herba de namorar. A Roi comeza a lle doer a barriga. De súpeto, unha actuación musical inesperada «moi galega» interrompe a escena.



© Duetto Malvar-Vidal (Atenea García e Ánxela Blanco)

ESCENA 5

Un home cego fuma: é Castelao. Roi afirma: «É o máis galego de todos, o que nos inventou!». O escritor e debuxante pronuncia unha das súas sentenzas máis coñecidas: «Se somos galegos é por obra e graza do idioma». Malia que Roi lle informa de que se atopan en Bonaval, en Santiago, Castelao insiste en que está no cemiterio da Chacarita, en Bos Aires. De súpeto entra Rosalía de Castro, quen se move lentamente mentres as actrices conveñen que non deberían seguir o texto do dramaturgo, xa que nel se indica que Rosalía ten que ficar en topless. Saen da escena desgustadas e Rosalía rompe a falar.

© Rosalía de Castro (Olga Cameselle)

© Castelao (Mercedes Castro)



ESCENA 6

Na cripta onde se expón o sepulcro do apóstolo, Mary Shelley atópase cunha sombra sen cabeza, definida por Roi Vidal Ponte como «o gran morto que é asemade a gran ficción a partir de onde construíron a Catedral, a cidade de Santiago e en boa medida a nacionalidade histórica». Remítese aquí á falta de probas que constaten que os restos que se atopan nese sepulcro sexan precisamente os do apóstolo. Mentres Mary Shelley e a sombra sen cabeza conversan, Roi atópase fóra do escenario. Berra. Está a «cagar» un bebé (por iso lle doía tanto a barriga).

- ☺ Sombra sen cabeza (Raquel Espada) e Mary Shelley (Areta Bolado)



ESCENA 7

Aurelio Aguirre, bébedo, faise pasar pola irmá da súa parella de baile da noite, Maruxa Fandiño Ricart, a máis baixa e a máis vella das dúas Marías. En canto ven que chegan Roi e Mary Shelley, o dueto adopta a pose da estatua da Alameda. Todos contemplan a criatura de Roi.

- ☺ Aurelio Aguirre (Andrea Quintana) e Maruxa Fandiño Ricart (Anabell Gago)



ESCENA 8

Roi despídese de Mary Shelley e pronuncia o monólogo final. Non atopou a seu pai, mais sabe que sempre ficará no teatro. Volve remitir ao día da despedida e marcha triste. Pide que apaguen as luces: non queren que o vexan chorar.

16. Por que insiste Castelao en que está nun cemiterio de Bos Aires e non en Santiago de Compostela?
17. Quen foron «As dúas Marías» de Santiago? Cal é a súa historia?
18. Que persoeiros da identidade galega puides distinguir na obra?
19. Olla o vestiario do dueto Malvar-Vidal. Como o definirías? Trátase simplemente da roupa tradicional galega? Cal é a mensaxe que nos transmite a súa vestimenta?
20. Que representan os debuxos que leva na chaqueta Castelao?






Unha chisca de historia teatral: Rosalía representada

1984 *Agasallo de sombras* _A polémica

Roberto Vidal Bolaño, pai de Roi Vidal, autor de *Boisaca ou a divina desgraza*, estreou o 2 de outubro de 1984 en Vigo a montaxe *Agasallo de sombras*, centrada na figura de Rosalía de Castro. Non acadou o éxito agardado porque mudaba a visión de Rosalía que se tiña ata entón como oficial. Na peza teatral coincidían sobre o escenario dúas Rosalías, unha máis velliña e outra máis nova, e retratábase a relación que a escritora mantiña con personaxes como Aurelio Aguirre, Pondal ou Murgía, cuxa representación espertou varias críticas. O que se produciu nesta peza teatral, en definitiva, foi unha desmitificación da biografía de Rosalía de Castro, que deixaba de ser representada como a chorona. No ano 1985, o CDG, en conmemoración do centenario do pasamento de Rosalía de Castro, preparou a montaxe *Follas Novas*, na que o conselleiro de Cultura vetou a participación de Vidal Bolaño. Ao ficar sen traballo, o creador decide crear un «espectáculo do veto» e nace así *Caprice des dieux*, ou *Antollo dos deuses*, onde aparecía el mesmo sobre o escenario cun nariz de pallaso e un chapeu, a imaxe máis popular de Roberto Vidal Bolaño. Varios anos máis tarde, no 2001, Roberto Vidal Bolaño dirixe para o Centro Dramático Galego unha versión da *Rosalía* de Ramón Otero Pedrayo.



© Cartel de *Caprice des dieux*

© Ensaio de *Rosalía*

2018_Boisaca ou a divina desgraza

No texto que escribiu orixinalmente Roi, Rosalía figuraba mais non tiña voz. A directora da produción, Gena Baamonde, non consideraba lóxico que todas as personaxes tivesen voz agás Rosalía. Segundo Roi Vidal, que Rosalía carecese de voz era unha maneira de denunciar a visión machista do tópico da Musa. Finalmente, Gena Baamonde decidiu que Rosalía tiña que falar, e deste xeito incorpórase á obra o seguinte extracto do artigo «Lieders», da autoría da propia Rosalía, considerado o primeiro manifesto feminista publicado en Galicia, que saíu ao prelo no marco do *Álbum del Miño* en 1858 en castelán:

«Non me quero cinguir ás regras da Arte! Os meus pensamentos son vagabundos, a miña imaxinación errante e a miña alma comprácese unicamente con impresións.

Endexamaís dominou na miña alma a esperanza da gloria, nin soñei nunca con loureiros que oprimisen a miña fronte. Os meus labios non balbuciron máis que cantos de independencia e liberdade, aínda que ao redor sentira, xa desde o berce, o ruído das cadeas que me debían aprisionar para sempre, porque o patrimonio da muller son os grillóns da escravitude.

Eu, sen embargo, son libre. Libre coma os paxaros, coma a brisa, coma os árabes no deserto e o pirata na Mar.

Libre é o meu corazón, libre a miña alma e libre o meu pensamento que se alza ata o ceo e descende ata a terra soberbio coma o luzbel e doce coma unha esperanza.

Cando os señores da terra me ameazan cunha mirada, ou me queren marcar a fronte cunha mancha de oprobio, eu río coma eles rin e fago, en aparencia, a miña iniquidade máis grande ca a súa iniquidade.

No fondo, o meu corazón é bo; pero non acato os mandatos dos meus iguais e creo que a súa feitura é igual a miña feitura, e que á súa carne é igual á miña carne.

Eu son libre, ningún pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino».



21. Le o seguinte fragmento do manifesto *Las literatas. Carta a Eduarda*, de Rosalía de Castro (podes atopalo completo en http://culturagalega.gal/album/docs/doc_i6_literatas.pdf). Que denuncia a escritora?

«Esto es insupportable para una persona que tenga algún orgullo literario y algún sentimiento de poesía en el corazón; pero sobre todo, amiga mía, tú no sabes lo que es ser escritora. Serlo como Jorge Sand vale algo; pero de otro modo, ¡qué continuo tormento!; por la calle te señalan constantemente, y no para bien, y en todas partes murmuran de ti. Si vas a la tertulia y hablas de algo de lo que sabes, si te expresas siquiera en un lenguaje algo correcto, te llaman bachillera, dicen que te escuchas a ti misma, que lo quieres saber todo. Si guardas una prudente reserva, ¡qué fatua!, ¡qué orgullosa!; te desdeñas de hablar como no sea con literatos. Si te haces modesta y por no entrar en vanas disputas dejas pasar desapercibidas las cuestiones con que te provocan, ¿en dónde está tu talento?; ni siquiera sabes entretener a la gente con una amena conversación. Si te agrada la sociedad, pretendes lucirte, quieres que se hable de ti, no hay función sin tarasca. Si vives apartada del trato de gentes, es que te haces



📍 Rosalía de Castro (Olga Cameselle)

la interesante, estás loca, tu carácter es atrabiliario e insoportable; pasas el día en delirios poéticos y la noche contemplando las estrellas, como don Quijote. Las mujeres ponen en relieve hasta el más escondido de tus defectos y los hombres no cesan de decirte siempre que pueden que una mujer de talento es una verdadera calamidad, que vale más casarse con la burra de Balaam, y que sólo una tonta puede hacer la felicidad de un mortal varón.

Sobre todo los que escriben y se tienen por graciosos, no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y reparar los calcetines de sus maridos, si lo tienen, y si no, aunque sean los del criado. Cosa fácil era para algunas abrir el armario y plantarle delante de las narices los zurcidos pacientemente trabajados, para probarle que el escribir algunas páginas no le hace a todas olvidarse de sus quehaceres domésticos, pudiendo añadir que los que tal murmuran saben olvidarse, en cambio, de que no han nacido más que para tragar el pan de cada día y vivir como los parásitos».



Unha chisca de historia da literatura: Vila Diodati e Frankenstein

Coñeces as condicións nas que Mary Shelley escribiu *Frankenstein ou O moderno Prometeo*, a súa obra literaria máis recoñecida? Estamos a falar de 1816, ano no que entrou en erupción en Indonesia o volcán Tambora, cuxos efectos foron perceptibles ao longo de todo o ano, que pasou á historia como «o ano sen verán». A escritora atopábase canda o seu marido Percy Bysshe Shelley en Vila Diodati, a residencia estival de Lord Byron, preto do lago Xenebra. As condicións meteorolóxicas extremas (chuvias torrenciais e lóstregos ben estrondosos) fixeron que a parella tivese que ficar alí máis tempo do previsto e que decidisen xogar coas súas amizades a ver quen escribía a mellor historia de terror.

© Mary Shelley (Areta Bolado)

22. Quen é realmente Frankenstein? Por que a obra literaria leva por subtítulo «ou o moderno Prometeo»?
23. Bótalle unha lectura ao artigo «Frankenstein... á lus do candil», de Xoán Costa (*Sermos Galiza*, 17 de xuño de 2016: <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/frankenstein-lus-docandil/20160616202813048705.html>). Que produtos culturais xurdiron no ano 1816?
24. Proposta: visionade na aula o filme *Mary Shelley* (Haifaa Al-Mansour, 2017). En que se inspirou a escritora británica para escribir a historia de Frankenstein? A que problemas tivo que enfrontarse Mary Shelley polo feito de ser muller?



© Cartel do filme *Mary Shelley* (Haifaa Al-Mansour, 2017)



Neorretranca e posmorriña_

Escenografía, vestuario, caracterización

O que lestes ata este punto deuvos a coñecer sobre todo a directora da produción, os dramaturgos que escribiron as dúas pezas e máis un resumo do contido que ides atopar en cada unha das obras. Agora quero lanzarvos unha pregunta: cales son as diferenzas visuais entre un ensaio e unha representación teatral? Veña, pensade un pouco, reflexionade! Ben claro, verdade? A resposta é a seguinte: a escenografía, o vestuario, a caracterización. Nos ensaios, as actrices adoitan vestir roupa cómoda, deportiva, para poder moverse mellor e explorar todas as dimensións do corpo e do escenario. Porén, á hora de representar unha personaxe, o que no caso que nos ocupa acontece sobre todo en *Boisaca ou a divina desgraza*, o vestuario e a caracterización xogan un papel fundamental, xa que, xunto co traballo da actriz, contribúen a caracterizar o personaxe que se representa sobre a escena, mentres que a escenografía, entre outros, permite que situemos a acción nun contexto determinado.

🕒 Preparando a caracterización

🕒 Areta Bolado e María Roja: os ensaios e a peza final



A escenografía

- **MARTA PAZOS**, encargada da escenografía, é directora de escena, escenógrafa, intérprete e directora artística e dramaturga da compañía Voadora.

Mentres que *Fantasía n.º 5 en sol ou non* está enmarcada nun espazo marmóreo que nos remite a un museo no que poder contemplar detidamente a gran vulva central, *Boisaca ou a divina desgraza* acciónase diante dun gravado da Vila Diodati confeccionado polo británico Edward Francis Finden no ano 1832. Ao igual que as ducias de narices de pallaso que se suman á escenografía desta obra, a imaxe aparece en cor vermella.

- 🕒 Gravado da Vila Diodati (Edward Francis Finden, 1832)



- 🕒 A Vila Diodati na escenografía



O vestiario

- O vestiario foi deseñado polas irmás **LOLA E ALICIA DAPENA** no marco do selo **SATURNA**, baixo o que teñen realizado o deseño de vestiario de numerosas producións de publicidade, cinema, teatro e televisión.

25. O vestido que leva Areta Bolado para interpretar a Mary Shelley é «gris afumado». Que simboloxía agocha a cor en referencia ao episodio da Vila Diodati?
26. Sobre o escenario aparecen camafeos (Rosalía de Castro), relicarios e mesmo un corpiño e un cancán (Mary Shelley). Coñeces estes obxectos e pezas? Que connotación temporal achegan á obra?
27. Ollade o seguinte texto, extraído do dossier de vestiario de *Fantasia n.º 5 en sol ou non*. Cales son as cores que se teñen en conta? Cales de estes elementos poden representar a identidade galega e por que? De que xeito se representa a FANTASÍA?

Urbano
Traballo
Comodidade
Coiro
Bordado
Superposicións
Engurras
Pregos
Movemento
Danza
Xestos
Nus
Ocos/Encaixes/Aplicacións/Colaxe
Transparencias/Tules/Gasas/Degradés
Tradición/Puntillas/Bordados
ApenasCor/Pel/Nude/Carne/Cru/Beixe/Marfil
Cremas/Pasteis/Mármore
Pel subliñada en Malva/Morados/Lavandas
Feminino/Masculino
Pantalóns/MandilVestido
Coiro/Veludo/
Masculino/Feminino
O de diante vai detrás
Corpiños/Suxeitadores/Tirantes
Superposicións
Pescozo/Gorgueira/Puños
Desgastes/Brillos
Metal/Fibelas/Botón/
Cordóns/Flocos/FANTASÍA



- 🕒 O vestido de Mary Shelley (Areta Bolado) e vestiario de *Fantasia n.º 5 en sol ou non*



A caracterización

- A caracterización é obra de **ESTHER QUINTAS**, quen conta cunha ampla carreira profesional como maquilladora en pasarelas de moda, series de televisión e pezas teatrais.

Pensade que para *Boisaca ou a divina desgraza* tanto caracterización como vestiario teñen que remitirnos a persoeiros da cultura galega que existiron realmente. Polo tanto, deben aparecer elementos que axuden o espectador a identificar o personaxe representado. Vexamos algúns dos bosquejos que Esther Quintas elaborou no proceso de creación das personaxes:

- ⊕ Bosquexo de caracterización para Isaac Díaz Pardo



- ⊕ Bosquexo de caracterización para Mary Shelley





⊕ Bosquexo de caracterización para o dueto Malvar-Vidal



⊕ Bosquexo de caracterización para Rosalía

Pola contra, en *Fantasia n.º 5 en sol ou non*, a maquiillaxe é máis ben natural: as actrices non representan ningún personaxe concreto, senón que funcionan como unha masa de persoas calquera, ausentes de calquera trazo definitorio e caracterizador. Fixádevos: en xeral, o vestiario emula a cor de pel das intérpretes, coma se estivesen espidas, coma se o corpo humano fose o único protagonista. Lembra as palabras de Andrea Quintana que situamos ao inicio deste caderno: «O corpo é o verbo, entón o texto está no corpo para min».

⊕ O ton nude no vestiario de *Fantasia n.º 5 en sol ou non*

28. O cabelo de Rosalía simula un conxunto de liques. Que son estes e que cres que representan neste caso?





Reflexións finais



29. Elabora un resumo persoal de cada unha das pezas. Contrasta a túa recepción cunha compañeira ou compañeiro. Hai diferenzas salientables? En caso de que así sexa, a que credes que se pode deber?
30. Que aspectos destacarías por sorprendentes ou orixinais de ambas pezas?
31. Na túa opinión, cal cres que é a reflexión sobre a identidade galega que achega a produción no seu conxunto?
32. Se tiveses que escoller un único elemento para representar a identidade galega, cal sería e por que?



Na canle de YouTube do Centro Dramático Galego [<https://www.youtube.com/user/centrodramatico/>] podes atopar vídeos con contido audiovisual ben interesante arredor da preparación da produción. As frases que figuran ao comezo deste caderno foron extraídas deles.

© O himno galego en *Boisaca ou a divina desgraza*

Elenco (por orde alfabética)



Ánxela Blanco



Areta Bolado



Olga Cameselle



Mercedes Castro



Raquel Espada



Anabell Gago



Atenea García



Andrea Quintana



María Roja



Laura Villaverde

TEXTOS: **Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte**. Coa letra da canción *Teknotrafikante [Farloppo ma non troppo]* de Os Papaqueixos
DIRECCIÓN: **Gena Baamonde**

Equipo artístico

ESCENOGRAFÍA: Marta Pazos
VESTIARIO: Saturna
CARACTERIZACIÓN: Esther Quintas
ILUMINACIÓN: Wilma Moutinho
MÚSICA ORIXINAL E ADESTRAMENTO VOCAL: Ailén Kendelman. Coas cancións: *Himno de Galicia*. Letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga; *Café Bar Sovia* e *Let's go little horse* de Fanfarria Taquikardia; e *La Guillotina* de Reveriano Soutullo e Juan Vert, interpretada pola Banda de Música Xuvenil de Xinzo baixo a dirección de Juan Carlos Díaz Álvarez
COREOGRAFÍA E MOVEMENTO ESCÉNICO: María Cabeza de Vaca
ASESORÍA LINGÜÍSTICA: Rosa Moledo
ASESORÍA DE MAXIA: Mago Teto
ASISTENCIA DE ESCENOGRAFÍA: Carmen Triñanes
ASISTENCIA DE MÚSICA: María Alonso
ASISTENCIA DE DIRECCIÓN: Iria Azevedo
ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN: Hugo Torres

Realizacións

ESCENOGRAFÍA E UTILERÍA: Equipo técnico do CDG
VESTIARIO: Equipo técnico do CDG soporte técnico audiovisual: Felipe Alcalde (Miraxe)
CADERNO PEDAGÓXICO: Tamara Andrés (Gálix)
FOTOGRAFÍA: Miramemira
ILUSTRACIÓN: Blanca Millán
DESEÑO GRÁFICO: Trisquelia

AGRADECIMENTOS:

Á familia Baamonde, a David Barreiro, María Méndez, Yessi e María Alonso.

A todas as persoas que fan posible o programa do CDG de apoio á dramaturxia galega contemporánea DramatUrxente, con especial mención á Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA; ao coordinador do grupo de traballo DramaturXa, Manuel Lourenzo; ás autoras e autores integrantes do grupo (xunto con Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte): Lois Blanco, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Eva Ferreira, Gloria Rico, Ernesto Is, Zé Paredes, AveLina Pérez, Marta Pérez e Rosa Puga Davila; e a Cristina Domínguez e Xron pola súa colaboración.

Centro Dramático Galego

DIRECCIÓN: Fefa Noia
PRODUCCIÓN: Francisco Veiga
SECRETARIA DE DIRECCIÓN: Manuela Domínguez
ADMINISTRATIVA: María José Varela
AXUDANTE DE PRODUCCIÓN: Laura Hevia
XESTIÓN: Manuela González
PRENSA: Ana Miragaya e Ana Rosales (Agadic)
PUBLICACIÓNS: Marcelina Calvo e Alberto Santamaría (Agadic)

Equipo técnico

TÉCNICO DE ILUMINACIÓN: Juanjo Amado
ASISTENTE DE ILUMINACIÓN: Biqui Cabado
TÉCNICOS DE SON: Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez
ENCARGADO DE ESTRUCTURA ESCÉNICA: Salvador Forján
TREMIOIS: Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
AUXILIAR DE IMAXE E SON: Juan Carlos Pacios
ENCARGADO DE TALLERES: Fernando Rodríguez
XASTRA: María Negreira
LIMPEZA: Marisol Pérez



De esquerda a dereita, Iria Azevedo (asistencia de dirección), Gena Baamonde (dirección), Anabell Gago (actriz), Raquel Espada (actriz), Atenea García (actriz), Olga Cameselle (actriz), María Cabeza de Vaca (coreografía e movemento escénico), Esther Quintas (caracterización), Areta Bolado (actriz), Laura Villaverde (actriz), María Alonso (bolseira), Ánxela Blanco (actriz), Andrea Quintana (actriz), María Roja (actriz), Mercedes Castro (actriz), Lola Fernández e Alicia Fernández (vestiario) e María Negreira (xastra)



CDG

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramático](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)